



ELECCIÓN Á XUNTA DE GOBERNO 20 de decembro de 2024

A Xunta de Goberno do Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en diante ICASC), na sesión do día 11.11.2024, tomou o acordo de convocar eleccións para cubrir os cargos de deputado segundo, deputado terceiro, deputado quinto, tesoureiro e secretario desta Xunta de Goberno, segundo os criterios dispostos na seguinte convocatoria.

CONVOCATORIA

Na data desta sesión quedan convocadas as eleccións que terán lugar o 20.12.2024 ás 10.00 h, no salón de actos deste Colexio, a teor do previsto nos artigos 76 a 88 do Estatuto do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela e nos concordantes do Estatuto xeral da avogacía española.

Os cargos electos son os de deputado segundo, deputado terceiro, deputado quinto, tesoureiro e secretario, por cesamento regulamentario de don Ramón Quintela Miramontes, dona Margarita Ruiz Núñez, don Jorge Eladio Romero Rivera, don Javier Constenla Vega e don Manuel Francisco Martín García, respectivamente.

Os devanditos cargos serán elixidos entre colexiados exercentes e residentes na demarcación do Colexio que, ao seren proclamados candidatos, acrediten as seguintes antigüidades mínimas de exercicio profesional:

- Para os cargos de secretario, tesoureiro e deputados segundo e terceiro: 5 anos
- Para o cargo de deputado quinto: 3 anos

Os candidatos non poderán incorrer en ningunha das seguintes situacións:

- a) Estar condenados por sentenza firme que leve aparellada a inhabilitación ou suspensión para cargos públicos, en canto estas subsistan.
- b) Ter sido disciplinariamente sancionados en calquera colexio de avogados, mentres non sexan rehabilitados.
- c) Ser membros de órganos reitores doutro colexio profesional.
- d) Non estar ao día no pagamento das cotas colexias na data en que se convoque o proceso electoral.

Todos os prazos recollidos nesta convocatoria computaranse por **días naturais** (artigo 81.1 do Estatuto do ICASC).

I. Dereito de sufraxio e valor do voto

Terán dereito de sufraxio activo todos os colexiados incorporados con máis de tres meses de antelación á data de convocatoria das eleccións (artigo 82.1), segundo o censo publicado xunto coa presente convocatoria (**altas anteriores ao 11.08.2024**).



O voto dos colexiados exercentes terá valor dobre que o voto dos non exercentes.
(Artigo 82.2)

II. Voto por correo (art. 87.3)

A elección realizarase por votación directa e secreta dos colexiados. A elección poderá realizarse mediante voto por correo, garantíndose a autenticidade, o seu segredo e a transparencia e claridade do proceso electoral. O **voto por correo** axustarase ás seguintes normas:

1º) Solicitude:

O colexiado que faga uso do seu dereito ao voto por correo deberá solicitalo con carácter previo a partir da data desta convocatoria e ata as 14.00 h do 04.12.2024.

A solicitude farase mediante instancia subscrita polo elector e dirixida á Xunta Electoral do ICASC, co fin de que se lle recoñeza a calidade de votante por correo. Esta solicitude poderá realizarse:

- Persoalmente na secretaría do ICASC (Eduardo Pondal, 4, baixo), logo de acreditar a súa identidade.
- Remitíndoa por correo electrónico ao enderezo registro@icasantiago.org. A dita solicitude deberá estar asinada dixitalmente polo solicitante.

2º) Comprobación da solicitude:

Unha vez que a Xunta Electoral do ICASC reciba a solicitude, comprobarase a condición de colexiado e elector, efectuarase a anotación correspondente no censo e, de ser o caso, expedirase o certificado de inscrición para a votación. Se o día da votación o elector votase persoalmente, o voto recibido por correo será anulado.

3º) Remisión ao elector da documentación para votar:

A Xunta Electoral do ICASC remitiralle ao elector por correo certificado (en sobre oficial do servizo de Correos) ao seu domicilio profesional que conste na base de datos de colexiados do ICASC a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa da súa condición de colexiado e elector
- Papeletas das distintas candidaturas
- Sobre branco para introducir a papeleta
- Sobre grande, numerado e impreso coa lenda “inclúe papeleta de voto por correo para as eleccións á Xunta de Goberno que se realizarán o 20.12.2024” e mais o enderezo do ICASC

4º) Entrega da documentación para votar na oficina de Correos:

O elector presentarse en calquera oficina de Correos coa seguinte documentación para o seu envío á Mesa Electoral, e o empregado da oficina de Correos verificará a súa identidade mediante a comprobación do DNI ou pasaporte (non son válidas as fotocopias).



- Sobre branco da votación cerrado.
- Certificado de acreditación da condición de elector, sobre o que se estampará o selo de data da oficina de Correos.
- Sobre grande, que deberá ir aberto para introducir en presenza do funcionario de Correos o sobre de votación e o certificado antes mencionados.

Unha vez cerrado o sobre, cursarase o envío como carta certificada. O custo do envío deberá ser aboado polo elector (seralle reembolsado polo colexio a quen o solicite e o xustifique antes do 15.01.2025).

Tanto a solicitude como a tramitación do voto por correo poderán ser efectuadas en nome do elector por outra persoa debidamente autorizada, acreditando esta a súa identidade e representación bastante. A persoa autorizada deberá presentar un poder notarial especial ou unha autorización coa sinatura lexitimada por notario, non admitíndose en ningún caso fotocopia desta acreditación.

Prazo: Por indicación da oficina de Correos, para garantir que o voto chegue á mesa electoral antes do seu peche, establécese un prazo para o voto por correo **dende o 5 ao 17 de decembro de 2024**.

O voto por correo deberá ser recibido na mesa electoral antes das 14.00 h do día sinalado para a celebración das eleccións (**20.12.2024**).

III. Tramitación

Os trámites que se han seguir ata a celebración do acto electoral son os seguintes:

A convocatoria será anunciada, como mínimo, con **30 días de antelación**. A elección efectuarase o día sinalado (20.12.2024) entre as 10.00 e as 14.00 h en que se procederá ao peche das urnas e ao seu correspondente escrutinio.

Dentro dos cinco días seguintes á data da convocatoria electoral, a Xunta Electoral encargarse do seguinte:

- a) Publicar a convocatoria electoral no taboleiro de anuncios e na páxina web do ICASC, así como remitila por circular a todos os colexiados por medio de correo electrónico (**12.11.2024, publicación da convocatoria**). Na convocatoria deberá constar a seguinte información:
 - Os cargos que han ser obxecto de elección e os requisitos tanto de antigüidade como de situación colexial esixidos para poder aspirar a cada un deles.
 - O día e a hora da celebración do acto electoral e a hora en que se pecharán as urnas para dar comezo ao escrutinio.
- b) Expor no taboleiro de anuncios e na páxina web do ICASC o censo separado de colexiados **exercentes** e de **non exercentes** con dereito a voto. Este censo publicado, en cumprimento da normativa sobre protección de datos, non incluírá o DNI.



IV. Censo

O censo de colexiados con dereito a voto (incorporacións ao Colexio con máis de tres meses de antelación á data da convocatoria) publicarase en listas separadas, de colexiados exercentes e non exercentes, e terá os seguintes datos:

- Data de incorporación ao Colexio
- Número de colexiado
- DNI
- Apelidos e nome

Os colexiados que desexaren formular reclamacións contra as listaxes de electores, haberán de presentalas dentro do prazo dos **cinco días** seguintes á súa exposición (art. 82.3) (**do 13 ao 18 de novembro de 2024, ás 14.00 h**).

No caso de existir reclamacións contra as listaxes, a Xunta Electoral resolverá sobre elas dentro dos tres días seguintes á expiración do prazo para formulalas. A súa resolución seralle notificada a cada reclamante dentro dos dous días seguintes (art. 82.4).

Unha vez proclamadas pola Xunta Electoral as candidaturas, estas terán acceso a unha copia dos censos publicados.

V. Candidaturas (art. 83)

As candidaturas deberán presentarse na secretaría do ICASC ata as 14.00 h do 04.12.2024. Deberán estar acompañadas dunha declaración xurada de non incorrer en ningunha das situacións recollidas no artigo 76.2 do Estatuto do ICASC. (**04.12.2024, ás 14.00 h, fin do prazo para presentar candidaturas**)

As candidaturas poderán ser conxuntas para varios cargos ou individuais para cargos determinados e deberán ser subscrias exclusivamente polos propios candidatos.

Ningún colexiado poderá presentarse como candidato a máis dun cargo.

No día seguinte á finalización do prazo de presentación de candidaturas (**05.12.2024**), a Xunta Electoral tomará o acordo de proclamar como candidatos aqueles que reúnan os requisitos legais esixibles e considerará electos aqueles que non teñan opoñentes.

A seguir, o devandito acordo publicarase no taboleiro de anuncios e seralles notificado aos candidatos. Dende a secretaría do Colexio, por medio do servizo de información colexial, o acordo será comunicado por correo electrónico a todos os colexiados.

VI. Xunta Electoral/Mesa Electoral

O artigo 80 establece que os procesos electorais se desenvolverán baixo a supervisión dunha Xunta Electoral que velará pola boa marcha de todos os trámites do proceso electoral.



En cumprimento da devandita normativa, a Xunta de Goberno, na sesión do 12.09.2024, con observancia dos requisitos que establece o artigo 80 (colexiados/as exercentes residentes, antigüidade e que non formen parte de ningún outro órgano colexial), elixiu os seguintes membros para formar a Xunta Electoral:

Titulares:

- Presidente: D. José Carlos García Cumplido, col. 685
- Secretario: D. Miguel Ángel Fernández Rodríguez, col. 813
- Vogal: D. Ramón García Seara, col 1151

Suplentes (para cubrir posibles vacantes dos titulares):

- 1º suplente: D. Manuel Luis Silva Constenla, col 1333
- 2º suplente: Dª Elena Gómez-Segade González, col. 1570
- 3ª suplente: D. Miguel Ángel Bouza López, col. 1968

Os tres membros titulares da Xunta Electoral formarán a Mesa Electoral o día do acto da votación, na que exercerán os seus cargos correspondentes de presidente, secretario e vogal.

Na Mesa Electoral deberá haber unhas **urnas separadas** para o depósito dos votos dos colexiados **exercentes** e **non exercentes**. As urnas deberá estar pechadas, deixando unicamente unha abertura para depositar os votos.

Unha vez constituída a Mesa Electoral, o presidente indicará o comezo da votación e, á hora prevista para a súa finalización, pecharanse as portas e só poderán votar os colexiados que xa estivesen na sala. Os membros da mesa votarán en último lugar.

A mesa electoral estará situada no salón de actos do ICASC (rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo).

Interventores (art. 85.2):

Cada candidatura ou candidatos/as poderán designar de entre os colexiados/as con dereito a voto 1 interventor/a para que exerzan a súa representación na Mesa Electoral. O nome dos interventores/as deberán comunicarse á Xunta Electoral antes das 14.00 horas do 18.12.2024. A Xunta Electoral, unha vez comprobado que se cumpren os requisitos esixidos nesta convocatoria, emitirá a correspondente credencial certificada para cada interventor/a, que lles será entregada antes do inicio do acto electoral.

VII. Duración, papeletas e acreditación

A elección terá de duración para o seu desenvolvemento o tempo fixado **entre as 10.00 e as 14.00 h.**

As papeletas de voto deberán ser brancas, do mesmo tamaño (medio folio A4), editadas polo ICASC e deberán levar impresos por unha soa cara de forma correlativa os cargos a cuxa elección se procede.

Os candidatos poderán pola súa parte confeccionar papeletas, que deberán ser exactamente iguais ás editadas polo ICASC, segundo o modelo facilitado dende o Colexio (tamaño, tipo de letra etc.).



Na sede en que se celebren as eleccións, a Xunta Electoral deberá dispor do número suficiente de papeletas cos nomes dos candidatos en branco.

Os votantes deberán acreditar ante a Mesa Electoral a súa personalidade. A Mesa comprobará a súa inclusión no censo elaborado para as eleccións; o seu presidente pronunciará en voz alta o nome e os apelidos do votante e indicará que vota; deseguido, o presidente introducirá a papeleta na urna correspondente.

VIII. Escrutinio (art. 88, apartados 1 a 6)

1. Unha vez rematada a votación, procederase ao escrutinio.
2. Serán nulas aquelas papeletas que conteñan expresións alleas ao contido da votación ou que non permitan determinar a vontade da persoa electora.
3. Serán parcialmente nulas as papeletas que, ao votar a favor dun determinado cargo, propoñan o nome dunha persoa que non sexa candidata ou que o sexa para outro cargo distinto ao que se presentase e cando se vote máis dunha persoa candidata para un mesmo cargo, así como as que conteñan riscadas ou raspaduras. A papeleta será válida respecto do voto para os demais cargos que non teñan os defectos indicados.
4. Serán válidas as papeletas que conteñan voto para un número inferior de cargos ao número que se someta a elección.
5. Unha vez finalizado o escrutinio, o secretario ou secretaria da Mesa Electoral levantará a acta do resultado, que asinará co visto e praxe do presidente ou presidenta. O presidente ou presidenta anunciará o resultado e proclamaranse a seguir como electas as persoas candidatas que obtivesen, para cada cargo, o maior número de votos.
6. No caso de empate entenderase elixido o candidato ou candidata que obtivese máis votos dos colexiados e colexiadas exercentes; de persistir o empate, resultará elixido o candidato ou candidata de maior antigüidade no exercicio da profesión no Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

IX. Constitución (art. 88.8)

No prazo de cinco días desde a constitución da Xunta de Goberno, deberá comunicarse a súa composición ao Consello da Avogacía Galega, ao Consello Xeral da Avogacía Española e á consellaría competente en materia de colexios profesionais.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario